

## PLAN DE ORIENTACIÓN



**CURSO 2024-25**

Graciela Fiaño Cacheda

Ana Seijas Vispo.

## 1.- INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO (páx-3)

- 1.1- Contextualización do centro. (páx-3)
- 1.2.-O departamento de orientación (páx-4)
- 1.3.-Análise de necesidades. (páx-6)

## 2.- OBXECTIVOS DO PLAN. (páx-7)

## 3.- PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS. (páx-9)

- 3.1- Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe. Plan Xeral de Atención á diversidade (páx-9)
- 3.2- Apoio á orientación académico-profesional (POAP). (páx-10)
- 3.3- Apoio ao plan de acción titorial . (páx-11)
- 3.4- Temporalización-secuenciación actividades titoría. (páx-11)
- 3.5- Actividades complementarias e extraescolares do Departamento. (páx-14)

## 4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN. (páx-15)

## 5.- METODOLOXÍA. (páx-17)

## 6- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN. (páx-17)

## **1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.**

### **1.1.- Contextualización do centro.**

O Instituto de Educación Secundaria "Afonso X O Sabio" de A Barcala, está situado no Concello de Cambre, municipio da provincia de A Coruña.

O IES conta con dous edificios. O segundo edificio foi inaugurado o curso 2006-2007 e acolle ao alumnado de Bacharelato e ciclos. O edificio máis antigo, situado máis ao norte, foi construído entre os anos 1998 e 1999 e acolle ao resto do alumnado. O IES comezou a funcionar o curso 1999-2000.

Ao redor do 9% do alumnado é estranxeiro, a maioría procedente de Hispanoamérica (República Dominicana, Colombia, Brasil, Venezuela, Arxentina, Uruguai). O número de alumnos procedentes doutros países continúa medrando.

O alumnado do IES presenta diversas problemáticas derivadas da situación socio-familiar e económica do seu entorno:

- Familias con problemas de relación.
- Problemas de conciliación da vida laboral e familiar.
- Escaseza de medios económicos.
- Falta de alternativas para a xuventude.
- Ausencia de lugares de reunión e ocio.

### ***Oferta Educativa.***

No IES Alfonso X o Sabio, ofértanse para o curso 2024/25, as seguintes ensinanzas ;

#### ▪ **E.S.O.**

- 1º ESO: 6 grupos.
- 2º ESO: 6 grupos
- 3º ESO: 5 grupos, incluídos nun deles 10 alumnos/as de PDC.
- 4º ESO: 4 grupos, incluídos nun deles 8 alumnos/as de PDC.

Nesta etapa ademais temos en funcionamento as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Agrupamentos flexibles 1º de ESO (Matemáticas, Inglés e Lingua Castelá).
- Agrupamentos flexibles 2º de ESO (Matemáticas, Física e Química e Lingua Galega).
- Reforzos grupais nas linguas ou apoio en letoescritura, para o alumnado exento de 2ª lingua estranxeira.
- Apoios específicos individualizados de Pedagogía Terapéutica para o alumnado con necesidades educativas.
- AC.
- 2 grupos de PDC ( un en 3º da ESO e outro en 4º da ESO)

- **BACHARELATO:** Tres modalidades: “Ciencias” e “Humanidades e Ciencias Sociais” e “Bacharelato Xeral”.
  - 1º BAC: 3 grupos
  - 2º BAC: 3 grupos
  
- **FORMACIÓN PROFESIONAL:**
  - Programa de FPB no perfil profesional “Informática de oficina.”
  - C.M. de “Xestión Administrativa”
  - C.S. de “Administración e Finanzas”

Para atender axeitadamente esta realidade educativa, o centro adopta aquelas medidas organizativas, pedagóxicas e curriculares que mellor respondan ás súas necesidades atendendo ao Decreto 229/11, do 7 de decembro, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia desenvolto pola Orde do 8 de setembro de 2021.

#### Ordinarias

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de reforzo para o alumnado da ESO que pase de curso con materias sen superar.
- Plan específico personalizado, para o alumnado da ESO que permaneza un ano mais no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais.

#### Extraordinarias

- Adaptacións curriculares
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Programas de diversificación curricular.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

### 1.2.- O Departamento de Orientación.

#### ► Composición do departamento de orientación

O departamento de orientación queda formado polos seguintes profesores:

- **Orientadoras:**
  - Fiaño Cacheda, Graciela
  - Seijas Vispo, Ana
- **Profesorado de Pedagogía Terapéutica:**
  - Bujeiro Barral, Diana (compartida co IES David Buján)
  - López González, María Irma.
- **Titor/a do ámbito lingüístico-social:**
  - Barrán Ferreiro, David
- **Titor/a do ámbito científico-tecnolóxico:**
  - Valiña Alonso, José Antonio
- **Profesor de Formación e Orientación Laboral (FOL):**
  - García Saavedra, Sonsoles.

► **Ámbito de intervención:**

Movémonos nun Modelo Psicopedagóxico, entendendo que as nosas actuacións diríxense ó alumnado, ó profesorado e as súas estruturas organizativas, á familia e á Comunidade educativa.

De tódolos xeitos a realidade social e económica demanda cada vez con máis forza a necesidade de que a educación vaia máis aló da escola, especialmente no marco da educación permanente.

Neste senso podemos dicir que camiñamos por sendas proclives a un Modelo sociopsicopedagóxico, que engade ó anterior modelo o entorno sociocultural, sanitario, empresarial, de tempo libre..., tratando de coordinar os esforzos de todos os profesionais da comunidade nun proxecto común: o desenrolo académico, profesional e persoal das novas xeracións e dos distintos grupos sociais.

► **Ámbitos de actuación.**

Das funcións do D.O. e da cualificación dos seus membros, despréndese tres grandes ámbitos de actuación que deben considerarse necesariamente vinculados entre si:

- ***Atención á diversidade. Apoio ó proceso de ensinanza – aprendizaxe.***
- ***Orientación académico-profesional.***
- ***Acción titorial.***

As actuacións nestes ámbitos dirixiranse ó profesorado, ó alumnado, a pais e nais e as nosas actuacións.

De acordo con estes tres ámbitos, débese por un lado deseñar o Plan de Orientación Anual de actividades do departamento e por outro, redactar a memoria final de curso.

### ► **Coordinación.**

A reunión do departamento de orientación realizarase no horario establecido por consenso por todos os seus membros. Unha reunión mensual con todos os seus membros e unha semanal de coordinación coas especialistas en Pedagogía Terapéutica, para facer un seguimento detallado das necesidades educativas do alumno, medidas a poñer en marcha e deseño/elección de recursos materias.

### **1.3.- Análise de necesidades.**

#### ► **Relativas ó alumnado:**

- Atender e favorecer a integración do novo alumnado procedente dos centros de primaria.
- Atender ao alumnado con NEAE e poñer en marcha as medidas de intervención máis acordes ás súas necesidades .
- Necesidade de deseñar e coordinar programas e/ou actividades que potencien o uso da técnicas de traballo intelectual e a súa integración nas distintas materias.
- Necesidade de promover unha convivencia axeitada, reducindo os problemas de conduta e facilitando a integración ao centro de todo o alumnado.
- Necesidade de continuar co programa de mediación e de alumnado axudante.
- Necesidade de atender ás características e necesidade de desenvolvemento persoal e social intrínsecas ás distintas etapas evolutivas empregando como estratexia básica de intervención mediante os valores, os contidos transversais así como as habilidades sociais nas que estamos traballando para mellorar o programa que existía.
- Necesidade de orientar profesionalmente ao alumnado , tanto no relativo á elección de optativas, de estudos posteriores, e á inserción no mundo laboral.

#### ► **Relativas ó profesorado:**

- Establecer unha coordinación e sintonía axeitada co equipo directivo para traballar e intervir cos diferentes sectores da comunidade educativa na mesma liña.
- Dinamización da acción titorial.
- Necesidade de asesorar e colaborar co profesorado na posta en funcionamento das medidas de atención á diversidade de maneira operativa e eficaz .
- Así mesmo, maior coordinación e establecemento de criterios consensuados por parte do claustro, para a avaliación e seguimento riguroso das diferentes medidas de atención á diversidade.
- Máis implicación dos titores e os profesores en xeral nas problemáticas específicas dos alumnos. É necesario manexar e recoller a información pertinente que o alumno posúe no seu expediente ou no XADE, para poder facer unha boa intervención conxunta.
- Necesidade de implicar ó maior número de profesores posible no desenvolvemento da actividade orientadora do centro para cos alumnos e atender aos seus problemas particulares.

- Necesidade de traballo en equipo do profesorado e dinamización das diferentes reunións facilitando a comunicación entre o equipo de profesores dun mesmo grupo.

► **Relativas ó centro:**

- Necesidade de continuar mellorando a coordinación entre o IES e os centros adscritos para operativizar recursos e mellorar rendemento.
- Necesidade de fomentar e mellorar a coordinación familia-escola. Fomentar a súa implicación na dinámica do centro.
- Posibilidade de desenvolver unhas xornadas de orientación a nivel de centro e contorna.
- Participar activamente nas diferentes actividades, conmemoracións e efemérides que se desenvolvan no centro educativo.

► **Relativas ós centros adscritos:**

- Intercambio de información e seguimento dos alumnos obxecto dalgunha medida de atención á diversidade específica.
- Seguimento e valoracións pertinentes durante o curso, do alumnado que presente posibles necesidades educativas especiais e sexa de próxima incorporación ao IES.
- Necesidade de orientación académica e profesional do alumnado e familia do último curso de Primaria

► **Relativas ó entorno comunitario:**

- Necesidade de difusión da organización e funcionamento dos distintos servizos para buscar puntos de unión e gañar en operatividade e funcionalidade.
- Necesidade de intercambio de información acerca dos alumnos que precisan, dadas as súas necesidades, de intervención interinstitucional.
- Estar en contacto con outras ofertas formativas do contorno e dalas a coñecer ao noso alumnado.
- Maior implicación de Servizos Sociais, en especial naqueles casos de desaxuste familiar, desestruturación e escasos recursos económicos. Plantexar alternativas e medidas dende a coordinación e o consenso.

## **2- OBXECTIVOS DO PLAN.**

► **Obxectivos prioritarios comúns aos tres ámbitos de actuación.**

- Formar no seo do D.O. un equipo de traballo eficaz e funcional.
- Facilitar ós titores /as e ó profesorado xeral, recursos, posibilidades e asesoramento permanente no ámbito da orientación, titoría e atención á diversidade.
- Manter un contacto periódico coas institucións da contorna.
- Enriquecer e apoiar a relación centro-familia en xeral, e titores-familia en particular.
- Coordinarse co EOE e a Inspección Educativa no marco das institucións e accións prioritarias para este curso como en situacións puntuais relacionadas coa avaliación, intervención nas NEE que, superando as nosas posibilidades precisen asesoramento.

► **Obxectivos prioritarios na atención á diversidade.**

- Colaborar co Equipo Directivo e co conxunto de profesorado na posta en funcionamento das medidas necesarias para asegurar a continuidade e coherencia do proceso educativo ó longo das etapas e en relación coas diferentes áreas e/ou materias.
- Avanzar na planificación, aprobación e implementación definitiva das medidas de atención á diversidade que regula o Decreto 229/11 e desenvolve a Orde 8 de setembro 2021.
- Colaborar cos profesores na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na detección de posibles necesidades educativas específicas, e no seu caso, realizaríase a pertinente avaliación psicopedagóxica e posterior informe.
- Colaborar co observatorio de convivencia na mellora da convivencia e do clima de aprendizaxe, potenciando a motivación e o valor do esforzo dando repercusión e continuidade ao grupo de mediación e de alumnado axudante.
- Normalizar a atención educativa ao alumnado con NEAE, e asegurar unha resposta adaptada as súas características e necesidades.
- Implicar ás familias de cara á consecución de hábitos de estudo no fogar, nas actividades de reforzo e recuperación no proceso avaliador.
- Asegurar a coherencia e continuación da actividade educativa mediante a coordinación cos responsables de orientación nos centros adscritos.

► **Obxectivos prioritarios da orientación académica e profesional.**

- Conseguir que se asuma a responsabilidade da orientación profesional e preparación para a vida activa, así como a de fomentar unha cooperación orgánica entre o mundo educativo e o mundo empresarial e institucional do traballo, no marco do Plan de Orientación Profesional.
- Lograr unha actuación educativa conforme o establecido no POAP contribuíndo o seu desenvolvemento.
- Fixar as liñas prioritarias de actuación para cada etapa, ciclo e curso, que se dirixan ó alumnado, ás familias e á relación co entorno sociolaboral.
- Posibilitar unha orientación e asesoramento individualizado para aqueles alumnos que poidan ter dificultades.
- Colaborar na elaboración do Consello Orientador sobre o futuro académico e profesional dos alumnos.
- Colaborar na determinación da optatividade na ESO e modalidades de Bacharelato e as correspondentes e respectivas optativas.



### ► ***Obxectivos prioritarios da acción tutorial.***

- Participar no programa "***Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade***", para o curso 2024/25. da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
- Desenvolver actividades e programas para a mellora da convivencia no centro: entre as que destacamos a formación de mediadores/as e alumnado axudante.
- Implicar a todo o profesorado nunha acción tutorial compartida por todos, contribuíndo o desenvolvemento emocional social e da creatividade.

### **3.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.**

No referente ás accións prioritarias teremos en conta as accións que no noso centro se estiman oportunas e relacionadas cos diferentes ámbitos de intervención. Así, as accións prioritarias por ámbitos serán, a nivel xeral:

#### **3.1- Apoio ó proceso de ensino– aprendizaxe . Plan Xeral de Atención á diversidade.**

- Promover accións e actuacións destinadas á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- Revisión dos informes psicopedagóxicos, expedientes, e memorias para coñecer as necesidades do alumnado.
- Reunión inicial coas familias, para unha primeira toma de contacto e achegamento ao departamento de orientación .
- Formulación de propostas á CCP, ó Claustro e ó equipo directivo sobre os criterios organizativos e pedagóxicos para á atención ó alumnado con NEE .
- Asesoramento na elaboración, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares.
- Reunións iniciais cos diferentes grupos de alumnado con necesidades para un establecemento de medidas de atención á diversidade de carácter provisional.
- Asesoramento ós departamentos didácticos de cara á integración nas distintas programacións didácticas das medidas de atención á diversidade.
- Recollida de información do alumnado de nova incorporación.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas e posterior informe do alumnado que o precise.
- Coordinación cos centros adscritos.
- Coordinación coas institucións do entorno, co obxectivo de garantir a conexión e continuidade das colaboracións que se viñan dando en anos anteriores: Centro de Saúde, Servizos Sociais, Asociacións, Servizos de Orientación do ámbito laboral...
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Coordinación co Equipo de Orientación Específico, na detección, prevención e compensación das necesidades educativas específicas.
- Realización da proposta do alumnado que precisa atención por parte das profesoras de Pedagogía Terapéutica, establecendo o número de sesións e o tipo de apoio.
- Realización de seguimento semanal da evolución académica dos alumnos, especialmente cos ACNEE. Na reunión coas profesoras de apoio.

- Dar información relevante para o proceso de aprendizaxe ó profesorado que atende ó alumnado obxecto dalgunha medida específica de atención á diversidade e / ou que está a pasar por unha situación complexa, problemática e/ou complicada.
- Información e orientación a pais/nais de aceneae sobre os recursos de apoio existentes na zona, asociacións, centros de apoio...
- Asistencia e participación nas sesións de avaliación.
- Seguimento, avaliación e revisión das medidas adoptadas, conforme ós criterios de avaliación establecidos.
- Valoración e selección do alumnado que se vai incorporar para o curso seguinte ao PDC.
- Realización dunha avaliación final, análise e reflexión compartida das actuacións realizadas polo DO na atención á diversidade . Incorporación das conclusións e propostas de mellora na Memoria final do DO.
- Asesorar e promover medidas que favorezan o éxito escolar do Plan PROA +.

### **3.2- Apoio á Orientación Académica e Profesional. O Plan de orientación académica e profesional**

- Coordinación con E. Primaria para facilitar unha orientación académica ó alumnado e pais de 6º de primaria de cara ó seu ingreso na ESO.
- Artellar e coordinar o programa de acollida ó alumnado de novo ingreso.
- Informarase a todos os grupos de ESO do sistema de avaliación, promoción e titulación.
- 1º ESO: autocoñecemento e asesoramento sobre o sistema educativo e optatividade na ESO.
- 2º ESO: autocoñecemento e asesoramento sobre o sistema educativo, itinerarios e optatividade na ESO. **Conse- llo Orientador**
- 3º ESO: centrarase no asesoramento sobre o sistema educativo: optativas e materias en 4º.
- En 4º da ESO: as actividades organizaranse tendo en conta os seguintes bloques: **autocoñecemento** ( intereses profesionais, aptitudes, personalidade, historial académico), **opcións académicas e profesionais** ( ESA, ciclos formativos, bacharelato, universidade, probas de acceso a ciclos, busca de emprego e integración laboral...), **toma de decisións** e o **Conse llo Orientador**.
- **FP BÁSICA:** actividades organizaranse tendo en conta os seguintes bloques: **autocoñecemento** ( intereses profesionais, aptitudes, personalidade, historial académico), **opcións académicas e profesionais** (continuidade de estudos en ciclos medios, acadar o título da ESO)
- **BACHARELATO:** intereses e motivacións de cara a unha toma de decisións o mais acertada posible: **a universi- dade**; Probas de acceso á universidade, titulacións de grao, accesos, distintos estudos universitarios, pondera- cións, notas de corte..., a **Formación Profesional** ; os distintos ciclos formativos, acceso á universidade dende a FP..., a **inserción no mundo laboral**; estratexias para a búsqueda de emprego, fontes de emprego, o autoempre- go e a cultura emprendedora..., **Ensinanzas de Réxime Especial e a Formación Complementaria** (cursos, xorna- das, idiomas...)
- Atención personalizada ao alumnado e ás familias.

Estas actividades estarán dirixidas a promover a relación entre o sistema educativo e o mundo laboral, así como fomentar no alumnado a cultura emprendedora.

### Temporalización

O desenvolvemento das actividades do ámbito da orientación académico e profesional para cada un dos niveis educativos. O alumnado ademais poderá consultar as súas dúbidas individuais no DO, ben nos recreos ou ben na hora de tutoría.

#### 3.3 ***Apoio ó PAT. Accións encamiñadas ó desenvolvemento do PAT.***

A acción titorial forma parte da función docente. Desde unha perspectiva educativa, a tutoría debe incorporar aqueles elementos que van máis aló do puramente académico e que poden axudar ao desenvolvemento de proxectos de vida máis autónomos e responsables. Aínda que todo o profesorado na súa tarefa docente implicitamente desenvolve a función titorial, esta queda representada na figura do titor ou titora, sendo o DO un medio de asesoramento e soporte técnico para apoiar as accións referentes a esta competencia.

Durante este curso no Plan de Acción Titorial, continúaase cos programas relacionados coa aprendizaxe emocional, social e da creatividade.

#### 3.4. ***Temporalización e secuenciación de actividades de tutoría.***

1º ESO.
<b>1º Trimestre:</b>
Acollida. Información sobre a etapa na que ingresan
Presentación da titor/a.
As instalacións do Instituto: coñecemos o instituto
Elección de Delegado/a
Cuestionario de datos persoais
Dereitos e deberes . Normas de Convivencia.
Programa de técnicas de estudo: Cuestionario de hábitos de estudo. Planificación e organización do estudo.
Commemoración do 25 de Novembro. Actividades de prevención da violencia de xénero.
Sesión de preavaliación: reflexión e debate.
<b>2º Trimestre:</b>
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
Actividade dentro do Plan Director. Os perigos da rede.
Commemoración do día da Muller.
Sesión de preavaliación.
<b>3º Trimestre:</b>
Sesión de postavaliación.
Continuación do programa educación responsable: emocional, social e creativa
Commemoracións Día internacional contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.
POAP: autoconhecimento e opcións académicas. 2º de ESO
Valoración da tutoría.
Pre e postavaliación.

2º ESO.
<b>1º Trimestre:</b>
Acollida. Información sobre o curso actual e materias novas.
Presentación da titor/a.
Cuestionario de datos persoais.
Elección de Delegado/a
Dereitos e deberes. Normas de Convivencia.
Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
Commemoracións do 25 de Novembro. Actividades de prevención da violencia de xénero.
Sesión de preavaliación: reflexión e debate.
<b>2º Trimestre:</b>
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
Actividade dentro do Plan Director. Acoso escolar
Programa de habilidades sociais.
Commemoracións e efemérides: Día da Muller.
Sesión de preavaliación.
<b>3º Trimestre:</b>
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Continuación Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
POAP: autoconecemento e materias 3º de ESO. Oferta académica.
Commemoracións: Día internacional contra a discriminación por or. sexual e identidade de xénero.
Avaliación titoría

3º ESO.
<b>1º Trimestre:</b>
Acollida. Información sobre o curso.
Presentación da titor/a.
Cuestionario de datos persoais
Elección de Delegado/a
Dereitos e deberes : Normas de Convivencia.
Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
Commemoracións do 25 de Novembro. Actividades de prevención da violencia de xénero.
Sesión de preavaliación: reflexión e debate.
<b>2º Trimestre:</b>
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
Obradoiro de educación afectivo e sexual levado a cabo por Querote +
Plan Director: Novas tecnoloxías.
Commemoracións día da Muller.
Sesión de preavaliación.
<b>3º Trimestre:</b>
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
POAP: orientación académica e profesional.
Commemoracións: Día internacional contra a discriminación por or. sexual e identidade de xénero
Avaliación titoría

4º ESO.
<b>1º Trimestre:</b>
Acollida. Información sobre o curso.
Presentación da titor/a. Cuestionario de datos persoais
Elección de Delegado/a
Dereitos e deberes : Normas de Convivencia.
Programa de orientación vocacional.
Sesión de preavaliación: reflexión e debate.
<b>2º Trimestre:</b>
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Programa de orientación vocacional.
Obradoiro para atención á mocidade en saúde sexual integral e prevención da violencia de xénero
Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
Conmemoracións e efemérides: día da muller.
Sesión de preavaliación.
<b>3º Trimestre:</b>
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Continuación Programa de orientación vocacional.
Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
Conmemoracións: Día internacional contra a discriminación por or. sexual e identidade de xénero
<b>Avaliación titoría</b>

FPB
<b>1º Trimestre:</b>
Acollida. Información sobre a etapa na que ingresan
Presentación da titor/a.
As instalacións do Instituto: coñecemos o instituto
Elección de Delegado/a
Cuestionario de datos persoais
Dereitos e deberes . Normas de Convivencia.
Programa de técnicas de estudo: Cuestionario de hábitos de estudo. Planificación e organización do estudo.
Conmemoración do 25 de Novembro.
Sesión de preavaliación: reflexión e debate.
<b>2º Trimestre:</b>
Sesión de postavaliación: reflexión e compromisos.
Continuación do programa de técnicas e hábitos de estudo. Técnicas para un método de estudo.
Programa de educación responsable: emocional, social e creativa
Conmemoración do día da Muller.
Sesión de preavaliación.
<b>3º Trimestre:</b>
Sesión de postavaliación.
Obradoiro para atención á mocidade en saúde sexual integral e prevención da violencia de xénero
Conmemoracións Día internacional contra a discriminación por or. sexual e identidade de xénero.
Valoración da titoría.
Pre e postavaliación.

### ***3.5 Actividades Extraescolares e Complementarias do Departamento de Orientación.***

A proposta de actividades extraescolares e complementarias, polas características propias do departamento, ten un carácter provisional e moi dependente das necesidades do alumnado, oferta de actividades dentro dos diferentes ámbitos, e moi suxeita a outras variables difíciles de contemplar a priori. Unha posible proposta é a seguinte:

#### **Programa de regulación emocional. En colaboración coa fundación Amigó.**

- Data aproximada: xaneiro.
- Destinatarios: alumnado de 1º da ESO, 4º da ESO e FPB

#### **Charla saúde mental. A través de APEM.**

- Data aproximada: 2º trimestre
- Destinatarios: alumnado de 2º da ESO.

#### **Proxecto risco Cero. A través do Colexio oficial de médicos da provincia da Coruña.**

- Data: 2º trimestre.
- Destinatarios: 4º da ESO.

#### **Charla "Perigos na Rede" Plan Director**

- Data aproximada: no 2º Trimestre do curso.
  - Obxectivos: sensibilizar ao alumnado sobre os riscos de seguridade asociados ás novas tecnoloxías e ao uso de redes sociais, especialmente acoso sexual "child grooming", ou difusión de contidos de natureza sexual por teléfonos móbiles "sexting", venta de nenos prostitución infantil e utilización dos nenos na pornografía
- Destinatarios: alumnado de 1º, 3º da ESO e FPB.

#### **Charla "Consecuencias do acoso escolar" Plan Director**

- Data aproximada: no 2º Trimestre do curso
  - Obxectivo: Coñecer as consecuencias do acoso escolar en quen o padecen, así como a responsabilidade de todos de denunciálo e combatalo.
- Destinatarios: alumnado de 2º da ESO.

#### **Formación para o alumnado axudante e mediador,**

- Data aproximada: todo o curso.
- Destinatarios: alumnado axudante e mediador.

#### **Obradoiro Educación afectivo sexual. En colaboración co Quérote +.**

- Data aproximada: mes de marzo.
- Destinatarios: alumnado de 3º da ESO e FPB.

#### **Actividade "Encontros na USC" dentro do Programa a Ponte visita guiada á Universidade de Santiago en colaboración co departamento de Historia.**

- Data aproximada: no 2º Trimestre do curso.
- Obxectivos: Facilitar información ao alumnado sobre as diferentes titulacións universitarias. Destinatarios: alumnado de 2º de Bacharelato.

#### **Actividade "Charla sobre a USC", dentro do Programa a Ponte.**

- Data aproximada: no 2º Trimestre do curso.
- Obxectivos: Facilitar información ao alumnado sobre as diferentes titulacións universitarias.
- Destinatarios: alumnado de 2º Bacharelato.

### **Charla sobre ABAU e Matriculación na universidade.**

- Data: Maio
- Destinatarios alumnado de 2º de Bacharelato.

### **Charlas de orientación académica.**

- Data aproximada: maio (ESO e 1º de Bacharelato) e decembro (2º de Bacharelato)
- Destinatarios: todo o alumnado.

### **Participación na celebración de diferentes conmemoracións:**

- Día internacional contra a violencia de xénero.
- Día internacional da Muller traballadora.
- Día internacional contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

### **Actividades coordinación cos centros adscritos:**

- **Visita alumnos de 6º de Primaria.** "Xornada de portas abertas" (Maio/Xuño)
- **Reunión de pais dos alumnos de 6º de Primaria** (Maio/Xuño)
- **Reunión de profesores-titores, profesores de apoio e orientadores/as co Orientadora-xefa de estudos** ( finais de curso)

### **Actividades para as familias:**

- Charla orientación familias de 4º da ESO ( Maio) e 1º da ESO Xuño)

**NOTA:** esta proposta ten carácter provisional, e está a cambios provocados pola aparición doutras ofertas de actividades, necesidades que xurdan no desenvolvemento do curso, ou novas variables non contempladas.

## **4.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.**

As estratexias de intervención por excelencia son, o modelo programas e o modelo de consulta, apoiándonos no modelo de asesoramento individualizado cando sexa necesario.

### **► Estratexias de intervención comúns ós tres ámbitos de actuación:**

- Reunións iniciais do DO , da CCP e dos titores para elaborar directrices, propostas e elaboración do plan consensuado.
- Valoracións, observación e entrevistas ós distintos sectores da comunidade educativa sobre a maneira de xestionar e intervir do DO
- Revisión de novos materiais, revistas, normativa...
- Redacción e valoración dos distintos documentos do DO.
- Reunión mensual do DO, e semanal coas especialistas en pedagogía terapéutica.
- Reunións trimestrais cos titores.
- Reunión semanal co equipo directivo.
- Colaboración e coordinación cos servizos do Concello.
- Participación nas reunións colectivas e individuais coas familias.
- Intercambio de información e experiencias cos orientadores da zona.

► **Estratexias de intervención no apoio ó proceso de ensino e aprendizaxe:**

- Participación nas CCPs .
- Avaliación inicial do alumnado.
- Avaliación psicopedagóxica pertinentes e posterior informe
- Realización dos informes psicopedagóxicos e colaboración no deseño e seguimento da proposta curricular e organizativa , no seu caso.
- Entrevistas iniciais e de intercambio da información (profesorado, familia e alumno/a).
- Orientacións, organización do apoio, no seu caso, e seguimento e avaliación das medidas educativas adoptadas.
- Colaboración do profesor de apoio e a orientadora cos titores e profesores de área.
- Difusión de materiais de distinto tipo para as actividades de apoio.
- Intervención do PT na aula ordinaria se fose preciso e na aula de apoio.
- Asesoramento ó profesorado de recursos e materiais adaptados.
- Xuntas de avaliación. Con voz, sen voto.

► **Estratexias de intervención na orientación académica profesional:**

- Asesoramento xeneralizado: desenvolverase fundamentalmente a través das titorías , coa colaboración doutros profesionais, se é o caso.
- Asesoramento individualizado: atención directa do DO ó alumnado que, aínda recibindo orientación grupal, siga presentando grandes dúbidas respecto ó seu futuro académico-profesional . Entrevista co orientador e consello orientador.
- Coordinación con distintas institucións, especialmente cos servizos de orientación laboral, Universidade, outros centros formativos.
- Elaboración de materiais por parte do DO.

► **Estratexias de intervención na acción titora:**

- Encontro de acollida de titores/ Xefatura de estudo e orientadora: carpeta do titor/a e protocolos.
- Desenvolvemento do PAT; traballarase a través do correo electrónico e coas reunións trimestrais cos titores/as. Serán moi importantes as súas aportacións sobre as actividades realizadas e as necesidades que poidan darse ó longo do curso.
- Aportación e elaboración , no seu caso, de programas, materiais e actividades adecuados a cada un dos niveis educativos. Asesoramento no seu uso e participación directa, cando cumpra , nalgunha sesión de titoría.
- Recompilación e elaboración da materiais para ser traballados nas horas de titorías
- Asesoramento do EOE ó departamento de orientación.
- Intercambio de información cos servizos sociais e sanitarios.



## **5.-METODOLOXÍA.**

Nas accións emprendidas procurarase unha metodoloxía activa e participativa, que implique tanto ós distintos membros da comunidade educativa , como ós servizos e institucións do entorno comunitario.

A este efecto procurarase a corresponsabilidade, a cooperación e a coordinación, sen esquecer que o traballo en equipo alixeire a carga. Pero ademais , os criterios de actuación veñen dados polo modelo de intervención que defendemos, que asegura unha actuación planificada, preventiva e de desenrolo, sistémica e de intervención social, cooperativa e curricular.

### **► Recursos materiais e infraestrutura do DO:**

**Infraestrutura:** departamento con espazo de traballo para todos os seus membros, con mobiliario preciso para libros, instrumentos e demais materiais. Terminal telefónica e equipo informático.

**Aula de apoio:** 1 aulas con ordenador, mesa ampla e estanterías, con material específico de apoio.

**Materiais específicos:** documentos do centro, taboleiros do DO, probas psicopedagóxicas, folletos informativos, guías , revistas e demais publicacións.

### **► Recursos persoais e externos:**

**Recursos internos:** membros do DO, profesores-titores, Xefe de estudos, E. directivo, Claustro, profesoras de PT.

**Recursos externos:** EOE, Inspección, CFRs, Concello, Empresas, Consellería, Servizos Sanitario e Asociacións Sociais e Culturais; Cruz Vermella, etc.

### **► Recursos funcionais e organizativos:**

**Funcionais:** condicións espazo-temporais, cumprimento dos horarios, coordinación docente, coordinación e soporte institucional da xefa de estudos, colaboración, seguimento , asesoramento e dinamización do DO, supervisión e revisión da CCP e o apoio e complemento do EOE.

**Organizativos:** Reunión de coordinación interna: reunión semanal . Reunión semanal co observatorio da convivencia, e mensual cos delegados. Reunións da CCP.

## **6.-SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN.**

### **► Avaliación procesual e seguimento:**

Implica a recollida sistémica de datos, a súa análise e conseguinte toma de decisións, mentres ten lugar a implantación do Plan, o que nos permite facer un seguimento do mesmo e a súa reorientación, en caso de ser necesario.

Para realizar o seguimento e avaliación da calidade do Plan, teremos en conta as valoracións que se acorde nas distintas reunións que levaremos a cabo ó longo do curso ( CCP, DO, Titores, avaliacións...).

### **► Avaliación final e revisión:**

Adopta unha función un tanto **sumativa**, para analizar a consecución dos obxectivos, como **formativa**, retroalimentando a nosa programación á vista do conseguido e tomar as decisións oportunas para a mellora do propio proceso.

Esta avaliación faise tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:

- Grao de consecución dos obxectivos.

- Adecuación dos contidos e actividades para a consecución dos obxectivos.
- Adecuación dos materiais e recursos empregados.
- Colaboración e implicación das familias.

Ademais nesta avaliación final teranse en conta as actividades realizadas e o seu grao de cumprimento, a síntese reflexiva dos logros acadados, as dificultades e obstáculos atopados, os aspectos a mellorar, as modificacións introducidas, así como suxestións e propostas de mellora recollidas ó longo do curso e as propostas de innovación necesarias.

En efecto, durante todo o proceso e por parte de todos os responsables -avaliación compartida-, irase recollendo informacións e suxestións que permitan reorientar e Plan, tendo en conta ademais as observacións do equipo directivo, do profesorado en xeral, así como dos alumnos e os pais.

Cambre, 17 de Setembro de 2024

A Xefa do Departamento de orientación

Graciela Fiaño Cacheda.